


# cantón

Coordinan: Ernesto S. Pombo y Juan Soto

As lendas da Terra Cha non presentan con respecto ó conxunto das de Galicia, grandes variantes. O

Corpuslexendario chairego, aínda que posúe características propias, ás que terei ocasión de me referir, non difire substancialmente na súa materia e contido do do resto de Galicia. E por isto que os diferentes traballos que se teñen adicado á sistematización do lexendario galego desde a Xeración Nós ata os nosos días, son en liñas xerais aplicables ás lendas da Terra Cha e serven de valiosísimo punto de partida ó encara-lo estudo das mesmas.

A partir de distintas recopilacións de lendas da Terra Cha que se levan publicado (1) e do propio traballo de campo, realizado en Vilapedre (Vilalba) e Lagoa (Pastoriza), propoñoome aquí dar noticia, non exhaustiva, dalgúns dos seres míticos que están presentes nas lendas da Terra Cha. Despois de situalos no contexto das lendas nas que se "moven" tentarei na medida do posible a súa descripción, tanto nos seus aspectos físicos como no que atinxen ós seus atributos, propiedades e poderes.



Cóntase que unha destas penas está chea de ouro e a outra de alquitrán.

## Historias e lendas da Terra Cha

### Algúns seres míticos das lendas chairegas

Xoán Ramiro Cuba Rodríguez

Antes de entrar en materia cómpre advertir da dificultade do intento, dado que as nosas lendas, ó contrario das doutros lexendarios europeos, carecen en moitas ocasións da máis mínima descripción dos seres que as protagonizan; e cómpre tamén determinar que é o que entendemos por seres míticos. Mariño Ferro (2) afirma que son aqueles que teñen "características humanas pero non son persoas nin seres sagrados e dos que non se sabe moi ben o seu significado". Outros autores como Risco ou González Reboledo (3) cando tratan dos seres míticos consideran tamén como tales a seres que non posúen características humanas, por tratarse de animais fantásticos, ou outros seres que poden adoptar indistintamente aparencia humana ou animal. No presente traballo, séguese este último criterio.

A efectos puramente prácticos, establezo unha clasificación, non exenta de certa arbitrariedade, dos seres míticos chairegos; encadrándoos en seis grandes grupos, atendendo a características comúns, claras

relacións ou certo parentesco que estes seres teñen entre si.

#### Tesouros, mouros e encantos

Os tesouros, segundo as lendas, atópanse acochados baixo a terra ou mergullados baixo das augas de pozas ou lagoas e están case sempre intimamente ligados ás razas míticas, sendo na Terra Cha, coma no conxunto de Galicia a dos mouros (ou mouros encantados) a máis frecuente. Xa o Ciprianillo, que foi en séculos pasados o auténtico manual do buscador de tesouros, daba conta dos 147 que se atopaban en Galicia, "depositados polos mouros e romanos en escondedoiros subterráneos".

Os tesouros aparecen nas lendas protexidos por poderes máxicos que hai que desencantar, rodeados de seres míticos propietarios ou gardiáns das riquezas, que farán o posible para provocar o fracaso de quen intente conquistalos.

Nas lendas da Terra Cha, os tesouros están, as máis das veces, en relación directa con xacementos arqueolóxicos ou monumentos antigos e non

faltan tampouco os relacionados con fenómenos xeolóxicos ou xeográficos (grandes penedos, lagoas, etc.). A presentación dos tesouros realízase nas lendas baixo das máis variadas formas e aparencias; véxanse algúns exemplos escollidos:

#### Tesouros en penas e lagoas

E moi coñecida en toda a Terra Cha a lenda das Penas das Rodas de Gaioso (Outeiro de Rei), emparentada con moitas de Galicia nas que se alude a unha trabe de ouro e outra de alquitrán. Cóntase destas dúas impresionantes penas, redondas e xigantescas, que unha delas está chea de ouro e a outra de alquitrán. Como non hai maneira de averiguar en cal das dúas está o tesouro, quen queira facerse coa inmensa riqueza debe ter en conta que, se por desgracia fende a pena de alquitrán, este verdadeira polo mundo ardendo todo irremisiblemente.

Outra pena con tesouro é a Pena da Hucha, na Serra do Castelo (Lousada-Xermade). Esta pedra, que os veciños describen como moi ben feitiña,

"coma se fose feita con cicel", estaba tamén chea de ouro, pero —repárese na excepcionalidade do caso— dous veciños da Veiga de Baamonde foron quen de burlar ós encantos que gardaban o tesouro e roubalo. Sábese que estes encantos, dos que non da a lenda da Pena da Hucha outra descripción, tiñan especial terror pola auga e non podían pasar por ningún lugar onde a houbese. Os ladróns, coñecedores desta debilidade, non tiveron máis que cruzar o rego das Veigas e poñerse a salvo co produto do roubo. Pero, como é sabido, as lendas de tesouros non adoitan ter final feliz, a maldición dos encantos burlados caeu sobre os ladróns con todo o seu peso e ningún dos dous puido disfrutar da riqueza: un morreu ós poucos días e o outro ficou inútil para o resto da súa vida.

Na mesma Serra do Castelo, rica en lendas, hai unha lagoa que ten tamén no fondo das súas augas un tesouro, unha grande campá de ouro; contan alí que houbo un crego destemido que quixo leva-la campá para a súa igrexa, perecendo no intento, pero a este sucedido heime referir máis adiante.

Relataba D. Alvaro Cunqueiro en *Tesouros novos e vellos* que na cidade de Valverde, durmida para sempre baixo as augas da Lagoa de Cospeito, a Casa del Rei tiña o tellado de

A galiña coa súa rolada de pitos é un símbolo constante nas lendas galegas





tro e que a riqueza da casa das Verdes de Sistallo, procedía das súas cantas tellas que estes señores conseguiran arrincar do fondo das augas.

### Tesouros en castros, mámoas e castelos

Os castros, como xa se dixó, teñen tamén os seus tesouros, algúns descritos nas lendas na súa aparencia explícita, como o caso da lenda do castro de Duarria (Castro de Rei), moi emparentada á das Penas das Verdes; O tesouro de Duarria é un bocoi cheo de ouro protexido e inoportunos buscadores por outro de igual aspecto e proporción ateguido de alquitrán.

Outros tesouros, asociados a castros, son presentados por encantos que ofrecen unha recompensa ou retribución sen determinar en troco a un servizo concreto. E o caso dunha lenda relativa ó castro de Vilamaior, recollida en San Simón da Costa (Vilalba) (4), que da conta do que lle aconteceu a un veciño de Candaído cando ía ás segas a Castela. Atopou no camiño a un señor que lle fixo o encargo de botar no pozo de Candaído catro bolos de pan en forma de cornos, coa condición de que ningunha persoa lles tocara. A curiosidade da muller do labrego botou a perder a recompensa, pois, sen que o seu home se decatase, arrincoulle un corno a un dos bolos. Cando o protagonista da "historia" foi cumprir co acordado, atopou que a cada pan que botaba no pozo saía del un cabaleiro encantado que dicía: "Atrás virá que che pagará", cando botou o bolo encetado saíu un cabaleiro coxo que lle deu ó de Candaído unha fita para que lla atase á muller ó chegar á casa. Se ben o matrimonio perdeu o tesouro, librou a muller dun tráxico final pois ó labrego ocurriuselle ata-la fita a un carballo e no acto saíu a árbore voando en dirección ó pozo, onde se afundi.

O redor das mámoas da Terra Cha detéctase tamén a presenza de lendas que fan alusións a tesouros ocultos. Relatáronme informantes meus de A Carballeira (Vilapedre) a liorta que tivo lugar hai moitos anos entre dous veciños da parroquia por mor dun tesouro que buscaban e que, segundo a tradición, estaba acochado na modia de Porto de Bois. Colaboraron ámbolos dous na excavación pero ó atoparen só unha moeda de excaso valor, os cobizosos veciños dirimiron a paus as súas diferencias no que facía á propiedade de tan mesquiño achádego.

Son moi fermosas as lendas, ás que imos voltar noutro apartado, da mámoa de Amenido (Pacios-Begonte), recollidas nun documento do ano 1659 (5).

Achamos finalmente nas lendas chairegas tesouros ubicados en murallas e castelos. Así, nas desaparecidas murallas de Castro de Rei, gardábase unha pel de boi chea de ouro e no propio castelo de Vilalba hai tamén un tesouro; dise que o porco bravo esculpido na torre, por se-lo símbolo dos señores de Andrade, está chea de ouro que ha ser para que teña o valor de agatuiñar polos muros e abrir cunha navalla a

"Cucurrucucú, cucurrucucú, as meniñas do muíño quentáronme o cú"


### Mouros e encantos

Onde hai un monumento antigo (mámoa, castro, castelo) non nos será moi difícil oír falar dos mouros.

Os mouros son na nosa tradición oral os constructores destes monumentos. En Vilalba diránnos que o castelo é obra de mouros, en Lagoa (Pastoriza) e en referencia a unhas pedras (probablemente restos dunha anta) aparecidas ó realizar traballos nun monte, aludían os veciños a que aquela construción era obra de mouros. Poderíanse citar moitos outros exemplos, abondosos coma as referencias lexendarias ós mouros na súa función de gardiáns de tesouros e riquezas, valla como mostra a lenda que fai habitar no castelo de Caldaloba a uns mouros, que primeiro rouban trigo por toda a Terra Cha, ata xuntar máis de cincocentas fanegas e despois de almacenalo nos sotarregos do castelo, pasan o tempo a custodiá-lo trigo (símbolo de riqueza na cultura tradicional) con moito coidado e adicación.

Os mouros, como acertadamente advirte González Reboredo, non só viviron no pasado nestes monumentos ou ruínas, senón que o fan agora, convertíndose así nun pobo mítico. "Como tal, a súa vida é totalmente contraposta á dos seres humanos normais, é dicir, os labregos que poboan a zona". Para Reboredo "a similitude entre musulmáns auténticos e estes mouros da mitoloxía do Noroeste non pasa de ser mera nomenclatura, posto que polos seus costumes (comen moitas veces carne de porco) e polo seu aspecto (son de tez clara) están máis próximas a outras razas da mitoloxía popular europea, coma os *lutins* franceses ou os *elfos* nórdicos". (6)

Na Terra Cha é máis común ca referencia ós mouros, a alusión nas lendas ós encantos, seres imprecisos de difícil



Fernando Arribas

O castelo de Vilalba foi construído polos encantos de Sistallo

descripción e caracterizados pola súa ambigüedade; moitas veces confúndense pola súa función e características cos propios mouros. Os encantos son tamén, con moita frecuencia, vixilantes de riquezas ocultas ou constructores de monumentos.

Xa mencionémos os encantos que custodiaban o ouro da Pena da Hucha, que padecían unha extraña aversión pola auga. Máis amigos do líquido elemento eran os que vivían na Pena de Sistallo (Cospeito), segundo refire outra lenda. Eran estes encantos, seres misteriosos que vivían baixo a terra e que excavaron un túnel ata o río, do que se servían para ir busca-la auga. O único sinal da súa existencia era a roupa que poñían a secar nas penas, e ninguén podía falar con estes seres, pois quen o facía estaba condeado a morrer no mesmo intre.

Os encantos da Pena de Sistallo decidiron un bo día cambiar de residencia e ordearon a unha muller xestante, que tiñan fiando para eles arreo, que carretase nunha soa noite a pedra precisa para construír un castelo. Velaquí que o castelo de Vilalba, tamén atribuído ós mouros, foi erixido polos encantos da Pena de Sistallo, que aínda que mudaron de residencia non mudaron de costumes e fixeron outro túnel desde o soto do castelo ó río Magdalena que ía sair á Pena de Miguel. As xentes de Vilalba coma as de Sistallo sabían só da presenza dos encantos polo tendal de roupa que agora ondeaba nas ameas da Torre.

Preto de Vilalba na Ponte Trimaz, vivía outro encanto nunha pena e disque tiña melodiosa voz de serea para atraer ó seu burato a quen paseaba por ali. Non se lle coñece a este encanto relación ningunha con tesouros nin con construcións e outro que vivía en

Santaballa gustaba máis das mulleres que do ouro e das alfaias: tres fermosas mozas desta parroquia vilalbesa tiveron a desgracia de que o encanto se namorase delas, ó non corresponderen as fermosas doncelas ós requerimentos do namorado encanto, este arrabachado converteu a todas tres en eguas bravas das que andan ceibas polos montes.

### Galiñas con pitos e outros sinais de tesouros

A galiña coa súa rolada de pitos é un símbolo constante nas lendas galegas de tesouros e na Terra Cha está tamén sobradamente documentado.

Téñenselle buscado moitas explicacións a este símbolo, pero, como dicía Risco "éste é un misterio que aínda non se ten descifrado". E unanimemente admitido, así e todo, que cando unha lenda aparece unha galiña con pitos anuncia a existencia no entorno dunha riqueza oculta.

Hai galiñas coa súa rolada nas lendas da mámoa de Amenido, xa mencionada, e asociadas a encantos femininos aparecen na coñecida lenda das Penas dos Mouros de Donalbai (Begonte) e noutra lenda que recollin persoalmente en Lagoa (Pastoriza) onde unha galiña e os seus pitos acompañados da fermosísima señora sañenlle ó camiño a unha muller que ía coas vacas na ponte Cereixal, e no dicir da miña informante, Carmen, de 86 anos, "aquele era un encanto".

O outro sinal da existencia de tesouros é a crenza de que á persoa ou animal que dorme sobre unha riqueza oculta sañenlle manchas na pel, tal foi o que lle pasou a un boi dun veciño da Ponte de Arriba que se deitou na mámoa de Amenido. E falando de bois, hai que dicir que este animal, en abstracto,

ten na Terra Cha —a miúdo— algo que ver cos tesouros; Carballo e Blanco Pardo recollen en Bazar (Castro de Rei) a lenda dun tesouro que é precisamente un boi de ouro; enterrado "á profundidade da estatura de dous homes de talla normal". (7)

### Mulleres fantásticas

González Reboredo, ó se referir ós seres míticos femininos afirma "é difícil atopar unha zona de Galicia onde non exista a crenza de que en certos lugares de importancia histórica ou xeográfica viven mulleres fantásticas que reciben o nome de *mouras*, donas, encantos, ...agás excepcións illadas os relatos descríbennas como mulleres de grande beleza asociadas á noite, á lúa e á auga". (8)

Velaquí algúns seres femininos das lendas chairegas:

### Donas ou fadas

Chegou unha fada ó castro de Vilamaior en San Simón da Costa (Vilalba) e pediulle a unha velliña que atopou no camiño unha cunca de nata. A fada ou dona, que tiña poderes sobre as augas, ofrecéulle á señora, en troco da cunca, unha fonte da mellor auga que lle poñería na mesma porta da súa casa. Como a velliña lle negou a nata, a fada levou a fonte onde ninguén pode servirse dela, debaixo do muíño de Golariz, que está á beira do río das Cancelas.

Outra fada, que chamarei a fada das mazás, andaba casualmente por Santaballa e sentíu mágoa das tres fermosas doncelas que xa coñecemos, convertidas en augas por un encanto, para desencantalas a fada deu a cada egua unha mazá camuesa, ó comelas mazás voltaron á súa orixinal forma humana. Para remata-lo seu labor benéfico a xenerosa fada das mazás fixo pasar por Santaballa tres príncipes extraxeiros que acabaron casando coas tres doncelas desencantadas.

En Donalbai (Begonte) hai unha cova chamada das Penas dos Mouros, e alí vive unha dona fermosa, que segundo din foi quen trouxo a pena na cabeza sen deixar de fiar na súa roca. Un día, o tío Xan de Casanova, viu sair de alí unha galiña con cen pitos, indo tras deles foi dar coa belida fiandeira, que nese intre estaba cosendo e tiña no colo unhas relacentes tesouras que parecían de ouro.

A dona de Donalbai planteoulle ó Xan este dilema: —¿Que che gusta máis as tesouras ou eu?

Atraído polo brillo do ouro, o Xan escolleu as tesouras e nunca tal fixese porque a dona, sentíndose desprezada, cravoulle as tesouras nos ollos e deixouno cego para sempre.

### Mouras fadadas

No soto do castelo de Caldaloba, noutras versións dunha lenda que xa relatei, hai unha moura fadada que garda o trigo que rouban as formigas do maior formigueiro do mundo. En Couto Dá, entre Reiriz e o castro de Viladonga, na freguesía de Ramil (Castro de Rei), segundo informa Isaac Rielo Carballo, hai unha fonte



onde vive unha princesiña moura convertida en troita. (9).

### A meiga de Caldaloba

Di unha lenda que nos arredores do castelo de Caldaloba pasou unha tempada unha meiga, das que Mariño Ferro distingue como bruxas-voadoras (seres míticos), en contraposición ás bruxas-curandeiras, persoas reais que teñen poderes. Esta meiga-voadora de Caldaloba saía ós camiños á procura de mozos cós que pasa-la-noite. Un mozo de Xoibán, asaltado pola meiga unha noite, tivo que valerse dun rosario á noite seguinte para librarse da meiga que, escarmentada, acabou fuxindo do lugar.

### Monstros e serpes

#### Monstros das augas


Xa falei dunha campá de ouro que estaba mergullada nas augas da lagoa do Castelo (Lousada-Xermade), está campá era custodiada por un terrible monstro, que ó seca-la lagoa nos meses de verán, enterrábase co seu tesouro baixo da lama. Cando o crego da parroquia tentou rouba-la campá, nunha mañanciña de inverno, coa axuda dun libro de maxia negra conseguiu abri-las augas da lagoa. Antes de entrar decididamente na lagoa o crego advertiu ó sacristán, home medoñento, que non pexase o libro por causa ningunha. Para perdición do crego, o sacristán —presa dos nervos— pechou o libro e pecháronse tamén as augas impetuosamente. O sacristán saíu correndo espantado e só acertou a ve-la cabeza do monstro emerxendo das augas e as vísceras do crego que flotaban na superficie.

Un memorial que deixou escrito no ano 1679, Don Fernando de Saavedra Rivadeneira e Aguiar de Pardo de Figueroa fai mención a un extraño monstro que tiña a súa morada na lagoa de Lamas de Goá. Di textualmente un párrafo do escrito: "Este río del Tamago nace en una laguna que llaman las Lamas de Goá... en ciertos meses del año oyen dentro del lago bramar an animal muy temerosamente, lo cual se oye gran trecho allí, y queriendo muchos entrar y llegarse ázia do son aquellos bramidos, los oyen en otra parte, de manera que jamás se ha visto lo que es, más de que suena al modo de una vaca. Esto es cosa ya tan notoria en toda aquella tierra, que sin empacho se puede hablar". (10).

#### Serpes encantadas

Na Pena do Castelo tiña o seu burato unha grande cobra alada, capaz de tragar bois enteiros e que mesmo nunha ocasión papou un home que andaba por ali apanfando nos toxos. Para baixar a beber ó rego do Corvos metía a cola na boca e baixaba a rolos polas costas.

No Pazo de Caldaloba, próximo ó castelo, que coma levamos visto conta cun magnífico repertorio de seres fantásticos, non falta tampouco unha serpe encantada que nun tempo trouxo aterrizada á comarca. Un dos donos do pazo, D. Gabriel Antonio de Montenegro: deu morte á cobra. Desfeito o en-



Fernando Antón

O castelo de Caldaloba ten un rico repertorio de seres míticos

canto o Montenegro incorporou a serpe ó seu escudo.

### O trasno e o diaño burleiro

O trasno, ser mítico de carácter doméstico, equivalente ó duende castelán ou ó *puck* inglés, anda tamén a facer as súas falcatradas polas casas, cortes e palleiras da Terra Cha.

O trasno adopta aparencias diversas, tanto pode aparecer en forma de canciño ou de cabrito atirado de frío, coma de neno encoiro e tiritando. Deste xeito presentouse unha vez nun muíño, segundo se escoita nos concellos de Cospeito e Outeiro de Rei. Recollérono ali unhas mulleres que se quentaban ó amor do lume e quentárono no seu colo. Unha das mulleres, ó dicir, "Ai, Xesús", fixo desaparecer-lo meniño que non era outro que o trasno, que encaramado a unha viga do teito riuas das mulleres e cantoulles: "Cucurruccá, cucurruccá, as meniñas do muíño quentáronme o cú".

Un parente do trasno, que prefere actuar ó aire libre máis que en locais pechados é o diaño burleiro. Estaba unha vez este diaño en Vilapedre (Vilalba), no camiño que vai da Carballeira a Rebordelo, en forma de cabalo lustroso e ben mantido. Houbera unha encheite no río Lavapés e á un home que tiña que cruzalo río non se lle ocorreu mellor cousa que coller aquel cabalo que estaba pacendo na chousa da Carballeira. Montou nel e foron sen problema ata o río, cando o estaban cruzando o "cabalo" partiu en dous e desapareceu caendo o xinete na auga.

Corre pola Terra Cha o consello de que para librarse do trasno e da súa incómoda parentela cómpre recitar, sen trabucarse, as palabras retorneadas de San Xoán.

### A peregrina é outra pantasma

A peregrina é unha alma en pena e vén sendo o que noutros lugares de Galicia se coñece como raposa de Morrazo, de Morás, ou da Morgaza, xentes que viron a raposa describena lanzando uns berros tristísimos e botando pola boca ráfagas de lume.

Ningún pode atopala peregrina que na Terra Cha adoita presentarse en forma de cadela (hai quen di que tamén de galo, ou de can que aumenta de tamaño), xa que é un sinal premonitorio de morte e de desgracias. En Distriz (Vilalba) cóntase o caso dun rapaz que atopou unha noite á peregrina e pasou catro anos enfermo e sen falar con ninguén. O único remedio para o seu mal foi o acodir ó San Andrés de Teixido de onde voltou curado.

Unha veciña de Vilapedre, de 80 anos, faloume dalgúns encontros que tiveron xentes da súa familia coa temible peregrina. Un irmán seu atopouse unha noite no lugar da Fraga unha cadela branca, pensando que podía tratarse da peregrina, díxolle "Deus te acompañe", (que é o que hai que dicir cando un se atopa con ela para que non faga mal) e a cadela desapareceu. Foi aínda máis curioso o encontro que tivo coa cadela peregrina o pai da informante pois ó dicirlle este o saúde de rigor "Deus te acompañe", a cadela respostou: "e a ti tamén" e desapareceu no mesmo intre.

Por Santaballa (Vilalba), andou unha tempada, concretamente por Bordelle, a alma en pena dun emigrante que morrera en Cuba sen cumprir unha promesa que lle tiña feito ó noso señor Santiago.

A pantasma deste "habaneiro" baixo diversas formas (envolto nunha saba branca ou

## Nas lendas da Terra Cha, os tesouros están, as máis das veces, en relación directa con xacementos arqueolóxicos

nunha capa negra que lle chegaba ós pés, ou de can que medraba en canto a xente se achegaba a el) apareceu a moitos veciños e ninguén ousaba andar de noite polos camiños por temor a atopala. Unha noite a pantasma presentouse a un irmán seu e encargouno de cumprir o que el non fixera: erguer unha capela en honra de Santiago no lugar de Bordelle. Os veciños construíron a capela e a pantasma non voltou a molestar.

### Seres míticos propiamente chairegos: o loberno e os baluros

Reservei para este último apartado a referencia a un animal e un pobo míticos, que os chairegos non compartimos co resto dos galegos. Para informar brevemente sobre eles acudo a citas textuais dos alumnos da Escola de Comercio, que detectaron a presenza do loberno en terras de Xermade e de Isaac Rielo Carballo, que no seu documentadísimo "Cancioneiro da Terra Chá (Pol)" da comprida información sobre os baluros, pobo que se debate entre o mítico e o real.

#### O Loberno

"Era un bicho que dicían que tiña forma de raposo, pero que, se viña non se lle podía berrar porque era xordo e, como non oe, non escapa e ten que escapar a xente del e deixarlle comer o que lle dea a gana". (11).

#### Os Baluros (ou Valuros)

"Curiosa, e moi debatida, é a historia dos baluros. Algúns queren buscar as orixes desta xente a un e outro lado do río Miño, en terras do concello de Castro de Rei; outros din que viviron, e pode ser que aínda viva algún coas súas habilidades unha miixa esquecidas, nas ribeiras do Támago e do Ladra e nos arredores de Vilalba.

Vénles o nome, ó parecer, do dios Baal, ó que se adicaban con cultos especiais. Andaban por feiras e romerías xa como esmoleiros habituales, ou ben, vendendo impresos con oracións que tiñan a virtude, según eles, de sandar o mal de ollo e outras doenzas de persoas e de animais. Varios Bispos de Mondoñedo, perante o século XVIII, lanzaron severas paulinas contra esta raza maldita. Atribuíanse forzas sobrenaturales e chegaron a empregar vestiduras sagras nas súas xuntanzas rituales. O Seudo-Servando fala dos baluros como *moinantes* e xente a máis ruin de Galiza". (12).

Unha pescuda máis paciente e un traballo de campo máis intenso á procura de novas lendas chairegas (obxectivo que desborda as pretensións iniciais deste traballo) fornecerían, sen dúbida, de datos sobre outros seres míticos ou aportaría novas pistas para chegar a eles.

Non queda agotada aquí, como xa se advertiu, a relación de seres míticos chairegos, e dalgúns dos citados quedaron no tinteiro, por razón de espacio, exemplos coñecidos.

A bo seguro andan pola nosa longa Terra Cha, en lendas e "historias", mitos outros seres, coma tãrdos, parellos ou zarroncos, e ó mellor tampouco faltan rabenos, lambiróns e sacauntos, personaxes todos eles da mitoloxía popular galega. Non escapa tampouco dos límites do posible algún encontro con seres descoñecidos ata hoxe que coma o loberno ou os baluros poidan ser especificamente nosos.

Algún día, quizais con novos datos, e se encantos e mouros nos son propicios, voltaremos a escribir sobre seres míticos da Terra Cha.

### Notas

- 1.— García Mato, José Luis e Fernando Díxenes. *Contos e lendas da Terra Cha*. Serie de artigos publicados en *El Progreso* de Lugo (8-8-71 a 25-8-71).
- 2.— Alumnos da Escola de Comercio de Lugo. *Dempos da Chaira*. Lugo, 1976.
- 3.— Blanco Prado, Xosé M. e Carballo, Xosé M. *A Terra Cha: Creencias, Buxerías e supersticións* "Revista Lucus" n.33.
- 4.— Río Barja, Francisco J. *El partido judicial de Villalba. Estudio geográfico, económico, etnográfico, histórico e artístico*. Inédito.
- 5.— Mariño Ferro, Xosé Ramón. *Cultura Popular*. Museo do pobo galego. Santiago, 1985.
- 6.— Risco, Vicente. *Etnografía. Cultura espiritual*. In Tomo I da *Historia de Galiza* dirixida por R. Otero Pedrayo. Bos Aires, 1962.
- 7.— González Reboredo, Xosé M. *Voz Mitología Popular en Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo 21.
- 8.— González Reboredo, Xosé M. *Lendas galegas de tradición oral*. Ed. Galaxia, Vigo 1983.
- 9.— Vázquez Seijas, Manuel. *El castro de Vilamayor de San Simón de la Cuesta. Nuevos hallazgos arqueológicos en la comarca villalbesa*. Boletín de la Comisión Prov. de Monumentos de Lugo. Tomo IV fasc. 35.
- 10.— Voz Begonte en *Gran Enciclopedia Gallega*, Tomo 3.
- 11.— González Reboredo, Xosé M. op. cit. G.E.G. Tomo 21.
- 12.— Blanco Prado, Xosé M. e Carballo, Xosé M. op. cit.
- 13.— González Reboredo, Xosé M. op. cit. G.E.G. Tomo 21.
- 14.— Rielo Carballo, Isaac. *Cancioneiro da Terra Chá (Pol)*. Ed. do Castro. A Coruña, 1980. p. 157.
- 15.— García Mato, José L. e Fdo. Díxenes, op. cit.
- 16.— Alumnos da Escola de Comercio, op. cit.
- 17.— Rielo Carballo, Isaac, op. cit. p. 155.